



CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2018

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as nove horas e trinta minutos do día dezaioito de decembro de dous mil dezaioito, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde. D. Luís Lisardo Santos Ares e coa asistencia dos Sres. Concelleiros cuxos nomes á marxe se relacionan:

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros:

D. Germán Astray Maceiras. (PSdeG-PSOE).

D^a. María Jesús García Souto (Todos por Sobrado).

D. Ángel López Fidalgo (Todos por Sobrado).

D^a. Victoria Veiga Mejuto (concelleira non adscrita).

D. José Antonio Espiño Rodríguez (concelleira non adscrita).

D. Juan Aller Penas (concelleiro non adscrito).

AUSENTES:

D. Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).

D. José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Secretaria:

D^a. María Balsa Mosquera.

Aberto o acto, procédese a deliberar sobre os asuntos do orde do día:

1º. APROBACIÓN DA SOLICITUDE DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS 2019.

En primer lugar, o Sr. Alcalde manifesta que se convocou este Pleno con carácter extraordinario para poder efectuar a solicitude do Plan Único de concellos POS+2019 dentro do prazo sinalado pola convocatoria de subvención.

A continuación fai un resumo da proposta de acordo, destacando que este ano vanse incluír unha serie de facturas de provedores pendentes de pago, por ser obrigatorio incluílas según as bases



CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

da subvención. Inclúense de gasto corrente e de inversión: obras do ano 2015, transporte de auga, servizo de recollida de lixo, entre outras, por un importe total de 77.352,63.

Para o financiamento de gasto corrente destínanse 159.336,00, e non se vai a solicitar o préstamo provincial.

En canto as obras, vanse solicitar dúas obras principais: obra de mellora de camiños públicos nas parroquias de Carelle, Porta e Cumbraos, por importe de 91.880,68€, e Acondicionamento de vial na Costoia, parroquia de Grixalba, por importe de 43.266,18. Vanse solicitar con carácter complementario, para o caso de que haxa baixas, tres obras: acondicionamento de viais en Carelle, Pousada, Porta, Roade e Cumbraos (99.786,72€), mellora de camiños públicos nas parroquias de Codesoso, Cumbraos, Roade e Grixalba (157.363,14€) e acondicionamento de viais en Cumbraos e Grixalba (77.352,63€).

D^a. María Jesús García reitera o seu ofrecemento para que o seu grupo de goberno sexa tido en conta para tódolos temas, e por suposto, tamén neste que é de gran relevancia. Pregunta a qué obras se refire a factura de obras do ano 2015, respostando o Sr. Alcalde que se trata de varias obras de rebacheo de distintos puntos, realizados en data marzo ou abril de 2015, sinalando que xa a deben coñecer porque se trata dunha factura rexistrada en 2017. Replica D^a. María Jesús Veiga que ela non a pagou porque non sabía de qué era, e que haberá que incluír no POS como facturas pendentes de pago só aquelas que se sepan que son correctas.

O Sr. Alcalde aclara que a factura é correcta, trátase duns traballos realizados, que foron supervisados pola técnico municipal e que neste momento non llo pode dicir exactamente, pero que nas oficinas está toda a información sobre os lugares donde se fixeron os bacheos.

Sen máis debate, procédese á votación, adoptándose co voto favorable de D. Luís Lisardo Santos (PSdeG-PSOE), D. Germán Astray (PSdeG-PSOE), D^a. María Jesús García (Todos por Sobrado), D. Ángel López Fidalgo (Todos por Sobrado), D^a. Victoria Veiga (concelleira non adscrita), D. José Antonio Espiño (concelleiro non adscrito), D. Juan Aller (concelleiro non adscrito), o seguinte acordo:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2019", "achega provincial 2018" e "préstamo provincial 2019":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	67.326,70	10.025,93	77.352,63
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores	67.326,70	10.025,93	77.352,63



CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	159.336,00
Subtotal gasto corrente	159.336,00

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora de camiños públicos nas parroquias de Carelle, Porta e Cumbras	91.880,68		91.880,68
Subtotal investimentos achega provincial 2019	91.880,68		91.880,68

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
(Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Acondicionamento de vial na Costoia, parroquia de Grixalba	43.266,18		43.266,18
Subtotal investimentos achega provincial 2018	43.266,18		43.266,18

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo	Achega	Orzamento total
	Deputación	Concello	
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019			



CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018	77.352,63		77.352,63
	Achega 2019			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	159.336,00		159.336,00
C- INVESTIMENTOS	Achega 2019	91.880,68		91.880,68
	Achega 2018	43.266,18		43.266,18
	Préstamo 2019			
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019			
TOTAL	Achega 2019	251.216,68		251.216,68
	Achega 2018	120.618,81		120.618,81
	Préstamo 2019			
	TOTAL	371.835,49		371.835,49

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:



CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Acondicionamento de vias en Carelle, Pousada, Porta, Roade e Cumbraos	99.786,72
Mellora de camiños públicos nas parroquias de Codesoso, Cumbraos, Roade e Grixalba	157.363,14
Acondicionamento de vias en Cumbraos e Grixalba	77.352,63
TOTAIS	334.502,49

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

2º. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “REFORZO ESTRUCTURAL DE FIRMES NAS PARROQUIAS DE CARELLE, CODESOSO, FOLGOSO, NOGUEIRA, PORTA E ROADE”: RATIFICACIÓN DECRETO DE ALCALDÍA Nº 261 DE DATA 11/12/2018 SOBRE COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN E DELEGACIÓN DA COMPETENCIA NA ALCALDÍA PARA A REALIZACIÓN DOS SUCESIVOS TRÁMITES DA CONTRATACIÓN.

O Sr. Alcalde explica a proposta relacionada co expediente de contratación de obras aprobado no último Pleno, consistente, por un lado, na ratificación do Decreto de alcaldía nº 261 de data 11/12/2018 sobre composición da mesa de contratación, engadindo un novo vocal para dar cumprimento á normativa en materia de contratación pública, e por outro, na delegación da competencia na Alcaldía para a realización dos sucesivos trámites da contratación, por razóns de axilidade administrativa.



CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

D^a. María Jesús García considera que se trata de dous puntos distintos, nos que o sentido do seu voto é distinto, polo que pregunta se poden votarse por separado.

O Sr. Alcalde considera que se trata de dous puntos relacionados sobre un mesmo expediente de contratación, e pregunta á secretaria se é posible, respondendo ésta que a proposta de acordo é a formulada polo Sr. Alcalde, pero que entra dentro das súas facultades modificar á mesma se o estima pertinente.

O Sr. Alcalde accede á petición realizada, e procédese ó debate e votación por separado de ambos puntos.

En primer lugar, "Reforzo estrutural de firmes nas parroquias de Carelle, Codesoso, Folgoso, Nogueira, Porta e Roade": Ratificación Decreto de alcaldía nº 261 de data 11/12/2018 sobre composición da mesa de contratación.

Sen mediar debate, procédese a votación, aprobándose por unanimidade o seguinte acordo:

Visto que o órgano competente no expediente de contratación das obras "Reforma estrutural de firmes nas parroquias de Carelle, Codesoso, Folgoso, Nogueira, Porta, Pousada e Roade." (incluídas no POS+ 2018), de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, é o Pleno da Corporación.

Visto o acordo de Pleno de data 23 de Novembro de 2018, polo que se aproba o expediente de contratación, incluído o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexeran a contratación, así como a composición da Mesa de Contratación.

Detectado un erro na composición da citada Mesa de Contratación, sendo necesario rectificar a mesma, engadindo un terceiro vogal, de conformidade co disposto no disposto no punto 7 da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público; aprobándose por Resolución de Alcaldía de data 11 de Decembro de 2018 nomear como terceiro vogal á funcionaria D^a. María Ermitas Sánchez González.

De conformidade co establecido na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, e no artigo 22.4 da Lei 7 /85, reguladora das Bases de Réxime Local.

O Pleno da Corporación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Ratificar a Resolución de Alcaldía de data 11 de Decembro de 2018 sobre composición da Mesa de Contratación.

En segundo lugar, procédese ó debate sobre delegación da competencia na Alcaldía para a realización dos sucesivos trámites da contratación.

D^a. María Jesús García manifesta que o seu grupo votará en contra de dita proposta, seguindo o mesmo criterio que no seu día argumentou Lisardo para votar en contra da mesma delegación nun expediente de contratación proposta por ela cando era a Alcaldesa, ó considerar que cando se fan proxectos por ese importe é para que os aprobe e coñeza o Pleno. Procédese á votación, aprobándose, co voto a favor de D. Luís Lisardo Santos (PsdeG-PSOE), D. Germán Astray (PsdeG-PSOE), D^a. Victoria Veiga (concelleira non adscrita), D. José Antonio Espiño (concelleiro non adscrito) e D. Juan Aller (concelleiro non adscrito), e o voto en contra de D^a. María Jesús García (Todos por Sobrado) e D. Ángel López (Todos por Sobrado), o seguinte acordo:



CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

Visto que o órgano competente no expediente de contratación das obras “Reforma estrutural de firmes nas parroquias de Carelle, Codesoso, Folgoso, Nogueira, Porta, Pousada e Roade.” (incluídas no POS+ 2018), de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, é o Pleno da Corporación.

Considerando a conveniencia de delegar no Alcalde da Corporación a competencia para a realización dos sucesivos trámites do procedemento de contratación da citada obra, por razóns de axilidade administrativa.

O Pleno da Corporación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Delegar no Sr. Alcalde a competencia para a realización dos sucesivos trámites deste expediente de contratación

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo ás nove horas e corenta minutos, o Sr. Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

A SECRETARIA

O ALCALDE.

Asdo.: María Balsa Mosquera Asdo.: D. Luis Lisardo Santos Ares

Documento asinado electrónicamente nada data que figura ao marxe.